

ENTROIDO 2012
BASES DO FESTIVAL DE PREMIOS E DE COMPARSAS 2012
CONCELLO DE FERROL

1. O festival de comparsas do Concello de Ferrol **celebrarase o día 21 de febreiro de 2012**, martes de Entroido, no escenario sito na **Praza de Armas**.

2. **Participarán** todas as comparsas **anotadas ao efecto, ata a 13:00h do 15 de febreiro de 2012** a través dunha solicitude presentada no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, sito na praza de Armas e á atención do Negociado de Cultura, aínda que, de xeito preferente presentaranse vía correo electrónico escribindo ao enderezo **grivas@ferrol.es** e poñendo no asunto ENTROIDO 2012.

3. Todas as comparsas deberán estar **disfrazadas axeitadamente** e preparadas para a súa participación, tanto no desfile coma no festival, así como á disposición da organización nos horarios fixados por ésta.

4. **Considerarase como comparsas** o conxunto de persoas que no momento do inicio dos actos do martes de Entroido estean constituídos por un mínimo de 15 persoas, cos seus disfraces xa sexan individuais ou colectivos. A simple uniformidade dos seus compoñentes non será considerado como “ disfraz”, quedando nas mans da organización a exclusión daquelas agrupacións que non cumpran estas normas, sen posibilidade de apelación.

5. A **orde de colocación** do desfile e a participación no festival realizarase mediante sorteo.

6. As comparsas participantes interpretarán un **repertorio** durante un mínimo de 6 minutos e un máximo de 10 min., incluíndo o tempo de acceso e saída do escenario. Para que o acto se celebre do mellor xeito posible é preciso que as comparsas se atopen na Praza de Armas a disposición da organización.

7. As **letras** das cancións serán en **galego**.

8. As comparsas permanecerán nas rúas da cidade, nos barrios ao redor da Praza de Armas, ata as doce da noite do martes de Entroido, ou ata que remate o festival se este finalizase máis tarde desa hora.

Pactarase co Departamento de Festas o **itinerario** que deberán percorrer as comparsas participantes.

9. A Concellería de Festas dispón da cantidade de **500 € para cada unha das comparsas participantes**, que será aboada mediante talón con posterioridade á celebración do Concurso de Comparsas, sempre e cando se cumpran todos os requisitos.

10. **Nomearase un xurado para a valoración dos premios de disfraces que se outorgarán**, habendo 3 premios para as **mellores comparsas valorándose o disfraz, a letra e a posta en escena** sendo os seus importes os seguintes: **1º premio: 400€, 2º premio 250€ e 3º 150€**.

Para a **categoría de individuais ou parellas** un **1º premio (150 €)** e **2º premio (100 €)**

Na **categoría de grupos** (compostos por menos de 10 persoas) haberá un **1º premio (300€)** e un **2º premio (150€)**. (Todas estas cantidades son con impostos engadidos).

10. Para calquera consulta ou aclaración poñerse en contacto co Negociado de Cultura, no teléfono 981 944 180.

Lugar e hora de comezo do desfile: Praza de Amboaxe ás 19:30 h

**FOLLA DE INSCRIPCIÓN NO FESTIVAL DE
COMPARSAS E DISFRACES. ENTROIDO 2012**

Desexo inscribirme en (marcar o que proceda):

- CONCURSO DE DISFRACES
- CONCURSO DE COMPARSAS

Nº de compoñentes:

Datos do/a Representante:

NIF/ CIF:

Enderezo:

Concello:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

Disfraz:

Nome da comparsa:

Nº de conta bancaria:

Ferrol, de febreiro de 2012.